

Regulamento de selección de persoal investigador e de apoio á investigación no marco de actividades e programas de I+D+I

MODIFICACIONES

Modificación do Regulamento de selección de persoal investigador e de apoio á investigación no marco de actividades e programas de I+D+I

Artigo 1 nova redacción por artigo único apartado un.

Artigo 6 nova redacción por artigo único apartado dous.

Artigo 17 apartado 2 nova redacción por artigo único apartado tres.

Artigo 21 apartado 2 nova redacción por artigo único apartado catro.

Artigo 23 apartado 1 nova redacción por artigo único apartado cinco.

I

A Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades faculta no artigo 48 a contratación por parte das universidades de persoal investigador, técnico ou outro persoal a través do contrato de traballo por obra ou servizo determinado, para o desenvolvemento de proxectos de investigación científica ou técnica.

Así mesmo, a Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, establece no artigo 20.2 a posibilidade de contratar persoal investigador polas

Universidades públicas, unicamente cando sexan perceptoras de fondos cuxo destino inclúa a contratación de persoal investigador ou para o desenvolvemento dos seus programas propios de I+D+i, a través das modalidades de contrato de traballo recollidas na propia Lei así como das establecidas polo texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

Por outra parte, a Lei 2/2015 do 28 de abril do emprego público de Galicia, establece no artigo 5 que para a súa aplicación ao persoal investigador poden ditarse normas singulares para adecuala ás súas peculiaridades.

Os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela (Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro; DOG nº 29, do 12 de febreiro de 2014) dispoñen no artigo 12.3 letras c) e e) que o Persoal Docente e Investigador, entre outras categorías, estará formado por persoal investigador por



obra ou servizo determinado para o desenvolvemento de proxectos concretos de investigación científico-técnica e investigadores e outro persoal contratado consonte as disposicións legais.

II

Este regulamento consta dun título preliminar e catro títulos máis, e contén 23 artigos, unha disposición adicional, unha disposición derogatoria e unha disposición derradeira.

O título preliminar contén as disposicións xerais sobre os procedementos de selección de persoal investigador e persoal de apoio á investigación. O título I contén as disposicións comúns aos procedementos de selección que se regulan na norma e no título II establécense os órganos de selección, cuxa principal novidade é a constitución dun órgano permanente de selección encargado de fixar criterios de actuación, analizar e propoñer mellorar e garantir a obxectividade e o rigor nos procesos de selección, entre outras funcións. Como novidade tamén se modifican as comisións de selección que estarán formadas por tres persoas investigadoras.

O título III contén as características xerais dos procedementos de selección, é dicir, os requisitos xerais dos aspirantes, cómputo de prazos, publicidade e difusión, o contido das convocatorias e a presentación da documentación.

Considerouse necesario incluír unha excepción aos requisitos lingüísticos que esixe a Lei 2/2015 de emprego público de Galicia, debido á peculiaridades das funcións que realiza o persoal contratado para estas actividades. Neste título tamén se regula a proposta de selección e a resolución do procedemento, así como os recursos aplicables e a documentación que formará parte do expediente de selección.

Por último, o título IV establece os procedementos dese selección aplicables á contratación de persoal investigador e persoal de apoio á investigación. Ademais do procedemento de contratación ordinaria que se viña aplicando, regúlase unha modalidade de contratación urxente con prazos máis reducidos e un procedemento extraordinario de preselección que permite a selección de persoal cando o grupo de investigación ou o/a investigador/a principal ten un compromiso de financiamento para levar a cabo unha actividade e a incorporación do persoal contratado se realizará a medio prazo cando se obteña o financiamento de xeito definitivo.

Así, este procedemento de selección ten por finalidade crear unha listaxe ordenada de persoas candidatas que se empregará cando se formalice a actividade de investigación de que se trate.

O obxectivo deste regulamento é ordenar a selección de persoal contratado con financiamento finalista permitindo unha contratación áxil que dea resposta aos diferentes tipos de actividades de I+D e ás necesidades dos grupos de investigación e do persoal investigador principal dun proxecto.

Tendo en conta as citadas normas, logo da negociación e acordo cos representantes dos traballadores, e de conformidade coas competencias establecidas no artigo 81 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, o Consello de Goberno acordou na súa sesión do



23 de setembro do 2020 aprobar o presente regulamento, cuxa modificación se acordou o 29 de xullo de 2022.

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1. Ámbito de aplicación

Esta norma ten por obxecto regular os procedementos de selección de persoal investigador e de apoio á investigación de duración determinada, ou indefinida, de conformidade co Estatuto dos Traballadores e coa Lei da Ciencia no marco de convocatorias propias da Universidade de Santiago de Compostela, así como a elaboración de listaxes de agarda para as actividades coas que se financien os contratos deste persoal.

Os procedementos de selección correspondentes a convocatorias doutros órganos rexeranse pola súa normativa específica.

Modificación do Regulamento de selección de persoal investigador e de apoio á investigación no marco de actividades e programas de I+D+I.

Artigo modificado: Artigo 1 nova redacción por artigo único apartado un.

Artigo 2. Principios xerais

O proceso de selección deste persoal rexerase polos principios de publicidade, mérito e capacidade co obxecto de garantir unha selección eficaz, eficiente, transparente e obxectiva.

Co fin de garantir a igualdade de oportunidades, os procedementos de selección do persoal investigador terán en conta as situacións de incapacidade temporal, risco durante o embarazo, maternidade, garda con fins de adopción, acollemento, risco durante a lactación e paternidade, nos termos que estableza a normativa xeral de aplicación.

TÍTULO I - Sistema de selección

Artigo 3. Sistema de selección

1. O procedemento de selección será o concurso e nel deberase valorar a adecuación de cada persoa aspirante ás tarefas investigadoras e de apoio descritas na praza obxecto de convocatoria.

Artigo 4. Méritos.



1. Os méritos a valorar concretaranse nas convocatorias de contratación. Valoraranse entre outros, os seguintes méritos.

2. Nas convocatorias valoraranse, entre outros, os seguintes méritos:

3.1. Méritos xerais:deberán representar entre o trinta e o corenta por cento da puntuación total.

a) formación académica:estar en posesión dunha determinada titulación ou ser doutor/a nun ámbito concreto.

b) experiencia profesional acreditada en universidades, organismos públicos ou empresas privadas.

c) coñecemento de linguas estranxeiras.

d) coñecemento de lingua galega.

3.2. Méritos específicos:deberán representar entre o sesenta e o setenta por cento da puntuación total.

a) formación específica relacionada co obxectivo e funcións do posto.

b) experiencia acreditable relacionada co traballo a desenvolver.

c) entrevista curriculare/ou sobre as competencias necesarias para desempeñar o posto de traballo, que será opcional.

No suposto de que se estableza a realización dunha entrevista a valoración da mesma non poderá exceder do vinte e cinco por cento da puntuación máxima establecida e realizarase a aquelas persoas aspirantes que superasen un mínimo de puntuación no resto dos méritos que se concretará na convocatoria.

d) méritos que se consideren adecuados como a asistencia a conferencias, congresos, cursos ou cartas de referencia entre outros.

TÍTULO II - Órganos do proceso de selección

Artigo 5. Órganos.

1. Os órganos de selección serán a Comisión Permanente de Selección e as Comisións Especializadas de Selección.

2. De acordo co artigo 59 Lei 2/2015 do 29 de abril, do emprego público de Galicia, os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios



de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e de paridade entre mulleres e homes no conxunto das convocatorias realizadas.

Artigo 6. Comisión Permanente de Selección.

1. A Comisión Permanente de Selección estará formada por un/ha presidente/a e por cinco vogais coa seguinte composición:

- a) O/A presidente/a que será a persoa Xerencia ou persoa en quen delegue.
- b) A persoa titular da Vicexerencia Xeral Técnica ou persoa en quen delegue.
- c) A persoa titular da dirección da área de persoal.
- d) A persoa titular da xefatura da Subárea de Convocatorias e Programas de Recursos Humanos.
- e) Unha persoa do Servizo de Asesoría Xurídica.
- f) Un/ha representante da parte social.

Os seus membros serán nomeados polo reitor.

2. As funcións da Comisión Permanente de Selección serán as seguintes:

- a) fixar os criterios de actuación que deben rexer o procedemento de selección.
- b) analizar e propoñer, de ser o caso, á Xerencia medidas para a mellora dos procesos de selección.
- c) supervisar o cumprimento dos criterios de Open Transparent and Merit Based Recruitment (OTM-R) establecidos pola Comisión Europea no marco do selo Human Resources Strategy for Researchers (HRS4R).
- d) garantir a obxectividade e o rigor nos procesos de selección.
- e) outras competencias que se lle asignen en materia de selección ou que resulten necesarias para o cumprimento dos fins que ten encomendados.

Modificación do Regulamento de selección de persoal investigador e de apoio á investigación no marco de actividades e programas de I+D+I.

Artigo modificado: Artigo 6 nova redacción por artigo único apartado dous.

Artigo 7. Comisións Especializadas de Selección.



1. Para cada convocatoria de contratación nomearanse comisións especializadas de selección a proposta do/a investigador/a principal que deberán publicarse xunto coa convocatoria. Estarán formadas por un mínimo de tres persoas investigadoras pertencentes a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no que se requira unha titulación de nivel igual ou superior á esixida na convocatoria. O/A investigador/a principal que propuxo a contratación será quen presida a comisión.

Poderanse nomear suplentes de acordo cos requisitos mencionados.

2. Os seus membros deberán absterse de intervir cando concorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23.2 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público debendo facer manifestación expresa das causas que concorran.

3. A pertenza a órganos de selección será sempre a título individual e non se poderá exercer en representación ou por conta de ninguén.

4. Logo da convocatoria da persoa que actúe como presidente/a constituirase a comisión. Na sesión de constitución a comisión acordará todas as decisións que lle correspondan para o correcto desenvolvemento do proceso.

5. As comisións especializadas de selección poderán solicitar un informe experto externo para a valoración que formará parte do expediente.

TÍTULO III - Características xerais

Artigo 8. Requisitos xerais

1. Para seren admitidas as persoas aspirantes deberán posuír na data de remate do prazo de presentación de solicitudes e manter no momento de formalizar o contrato, os seguintes requisitos:

a) Ter nacionalidade española ou algunha outra de conformidade co artigo 52 da Lei 2/2015 do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que permita o acceso ao emprego público.

b) Estar en posesión da titulación e demais requisitos esixidos na convocatoria para cada categoría no momento do remate do prazo de solicitudes.

d) Non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin estar na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratara de acceder á mesma categoría profesional á que pertencía.



e) No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

f) Ter cumpridos os dezaseis anos.

g) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

h) Acreditar, de ser o caso, a capacitación establecida pola Orde ECC/566/2015 do 20 de marzo, ou a que a substitúa, pola que se establecen os requisitos de capacitación que debe cumprir o persoal que manexe animais empregados, criados ou subministrados con fins de experimentación e outros fins científicos, incluíndo a docencia, cando o traballo a realizar comprenda, en todo ou en parte, o uso ou manexo de animais.

i) Acreditar, no suposto de que a actividade a desenvolver implique o contacto habitual con menores de idade, a carencia de delitos sexuais mediante certificado negativo do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais, de conformidade coa Lei orgánica 1/1996 de protección xurídica do menor ou norma que a substitúa.

k) Aboar as taxas que se establezan en cada convocatoria.

2. De conformidade co artigo 5 da Lei 2/2015 do 29 de abril, de emprego público de Galicia exceptúase ao persoal contratado ao abeiro desta norma da acreditación dos requisitos lingüísticos establecidos no artigo 51 da mencionada Lei polas peculiaridades inherentes ás súas funcións agás que a correspondente convocatoria, en función da natureza das funcións a desempeñar, prevexa a acreditación dunha lingua específica.

Artigo 9. Cómputo de prazos.

Para os efectos do cómputo dos prazos referidos nos procedementos de contratación os prazos comezarán a contar a partir do día seguinte á data de publicación no Taboleiro Electrónico da USC.

Artigo 10. Publicidade e difusión

1. A publicación das convocatorias de concurso público realizarase, como mínimo, no Taboleiro Electrónico da Universidade e na web da vicerreitoría con competencias en investigación.

2. Para o suposto de prazos correspondentes a persoal investigador con categoría de doutor cunha duración superior a 1 ano ou contratos asociados a proxectos europeos publicaranse en portais de emprego que aseguren unha concorrència aberta e ampla e que se consideren adecuados para a internacionalización do proceso.

Artigo 11. Convocatorias



1. O proceso selectivo iniciarase mediante convocatoria pública. As persoas investigadoras principais que propoñan a contratación con financiamento de actividades e programas de I+D+i deberán realizar unha proposta dirixida á vicerreitoría con competencias en investigación que vaia acompañada da retención de crédito. Este requisito non será de aplicación nos procedementos extraordinarios de preselección condicionados á obtención dun proxecto ou actividade, nos que se acompañará no momento da proposta de contratación.

2. As bases da convocatoria, como mínimo, deberán conter:

a) obxecto da convocatoria.

b) identificación dos postos que se ofertan e actividades coas que se financiarán.

c) descrición das funcións a realizar, as competencias que esixen os postos ofertados e o seu perfil.

d) requisitos que deben cumprir as persoas aspirantes.

e) baremo e ponderación dos méritos.

f) composición das Comisións Especializadas de Selección.

g) formulario de solicitude e prazo de presentación.

Artigo 12. Presentación de documentación

1. As solicitudes irán acompañadas da documentación xustificativa dos requisitos e méritos que se establezan na convocatoria e presentaranse a través da Sede Electrónica da USC. As persoas aspirantes asinarán unha declaración responsable na que manifestarán, baixo a súa responsabilidade, que reúnen os requisitos e que poden acreditarlos na data de fin de presentación de solicitudes. A Universidade poderá requirir a exhibición dos documentos orixinais xustificativos dos méritos e requisitos.

2. A inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial, de calquera dato ou información na declaración así como a non presentación da documentación cando lle sexa requirida, determinará a exclusión do proceso de selección e/ou a non formalización do contrato de traballo, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que dea lugar.

Artigo 13. Proposta de selección

1. As propostas das comisións especializadas de selección serán motivadas e recollerán a orde de prelación das persoas aspirantes seleccionadas. De ser o caso, e para asegurar a cobertura dos contratos, a comisión publicará así mesmo unha relación complementaria de aspirantes ordenada segundo a puntuación acadada. A vixencia das listas rematará coa finalización da actividade que deu lugar á súa elaboración.



2. A comisión poderá declarar deserta a selección dos contratos obxecto de convocatoria no caso de evidenciarse a inadecuación dos méritos das persoas aspirantes mediante acordo suficientemente motivado que se incluírá na correspondente acta.

Artigo 14. Recursos

1. Contra a resolución de selección, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago/Compostela no prazo de 2 meses a contar desde o día seguinte á publicación no Taboleiro Electrónico da Universidade.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Así mesmo, os actos que se deriven das diferentes convocatorias e das actuacións das comisións de selección poderán ser impugnados nos casos e na forma establecida pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

2. A interposición de recursos non interromperá o proceso de contratación.

Artigo 15. Expediente administrativo

1. O expediente administrativo das comisións de selección estará formado por:

- a) as solicitudes presentadas.
- b) actas das diferentes reunións.
- c) a proposta de selección e, se é o caso, a relación complementaria de persoas aspirantes ordenada pola puntuación acadada.
- d) os recursos, se é o caso, que se presentasen contra as actuacións da comisión.

2. Unha vez finalizada a actuación da comisión especializada de selección a persoa que actúe como secretaria presentará o expediente no Servizo de Convocatorias e Recursos Humanos de I+D.

TÍTULO IV - Procedementos de contratación

Artigo 16. Procedementos

A Universidade de Santiago de Compostela empregará tres procedementos de contratación:



- a) Contratación ordinaria.
- b) Contratación urgente.
- c) Procedemento extraordinario de preselección.

Artigo 17. Contratación ordinaria

1. Este procedemento aplicarase de maneira ordinaria cando xurdan necesidades de contratación de persoal con cargo a actividades ou proxectos de investigación.

2. As convocatorias públicas de contratación de persoal con cargo a actividades de I+D terán periodicidade mensual e, con carácter xeral, publicarase unha única convocatoria. A Subárea de Convocatorias e Programas de Recursos Humanos fará público un calendario a principios de cada ano natural, onde se recollerán as datas límite para a presentación de propostas por parte dos/as Investigadores/as Principais (IP) e as datas previstas de publicación e resolución de convocatorias.

O Servizo de Convocatorias e Recursos Humanos de I+D fará público un calendario a principios de cada ano natural, onde se recollerán as datas límite para a presentación de propostas por parte dos/as Investigadores/as Principais (IP) e as datas previstas de publicación e resolución de convocatorias.

3. As resolucións das convocatorias serán unificadas se ben, en función do elevado número de prazas convocadas así como da súa singularidade, poderán ser resoltas parcialmente axilizando os prazos cando sexa necesario.

4. As propostas deberán vir redactadas en galego, de acordo co formulario correspondente. Non obstante, atendendo aos requirimentos do selo Human Resources Strategy for Researchers (HRS4R) e co obxecto de permitir a súa difusión en fontes de información de alcance internacional, as prazas correspondentes á categoría de investigador/a asociado/a con duración de 1 ano ou superior ou os contratos asociados a proxectos europeos deberán vir redactadas en galego, español e inglés.

5. No suposto de convocatorias que teñan carácter internacional a vicerreitoría con competencias en investigación poderá autorizar unha convocatoria específica con prazos específicos que aseguren a súa correcta difusión.

Modificación do Regulamento de selección de persoal investigador e de apoio á investigación no marco de actividades e programas de I+D+I.

Artigo modificado: Artigo 17 apartado 2 nova redacción por artigo único apartado tres.

Artigo 18. Prazos da contratación ordinaria



1. As convocatorias establecerán un prazo para a solicitude de 5 días hábiles a contar desde o día seguinte á súa publicación.
2. A lista provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas publicarase no prazo de 3 días hábiles a contar desde o remate do prazo de presentación de solicitudes. As persoas aspirantes disporán de 2 días hábiles para presentar emendas da solicitude, a partir da publicación da lista provisional.
3. A lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos publicarase no prazo de 3 días hábiles a contar desde o remate do prazo de presentación de emendas da solicitude.
4. A comisión especializada de selección disporá de 7 días hábiles para elevar a proposta de contratación á Reitoría e publicala no Taboleiro Electrónico, a contar desde a publicación da lista definitiva de aspirantes.
5. A resolución reitoral de selección publicarase no prazo máximo de 3 días hábiles a contar desde a recepción da proposta de selección e indicará o prazo para a persoa seleccionada formalice o contrato.
6. O prazo máximo para resolver a convocatoria de selección será de 1 mes a contar desde a súa publicación.

Artigo 19. Procedemento de contratación urxente

1. Este procedemento aplicarase de maneira excepcional cando xurdan necesidades que non se puideran prever e preferentemente no marco de contratos con empresas para a prestación de servizos.
2. O grupo ou persoa investigadora que promova a convocatoria deberá motivar suficientemente a solicitude e precisará de autorización por parte da vicerreitoría con competencias en investigación.

Artigo 20. Prazos da contratación urxente

1. As convocatorias establecerán un prazo para a solicitude de 3 días hábiles a contar desde o día seguinte á súa publicación.
2. A selección será realizada por unha comisión especializada de selección que disporá de 5 días hábiles desde o remate do prazo de solicitudes para elevar a proposta de contratación á Reitoría e publicar a proposta de selección no Taboleiro Electrónico da Universidade.
3. A resolución reitoral de selección publicarase no prazo máximo de 3 días hábiles a contar desde a recepción da proposta de selección.
4. O prazo máximo para resolver a convocatoria de selección será de 15 días hábiles.

Artigo 21. Procedemento extraordinario de preselección.



1. Cando se prevexa a captación de recursos a medio prazo con certas garantías poderá empregarse, previa autorización pola vicerreitoría con competencias en investigación, un procedemento para formalizar unha preselección de persoas candidatas garantindo os principios de publicidade, mérito, capacidade e igualdade.

2. As convocatorias de preselección terán por finalidade crear unha lista ordenada de candidatos que só se empregará no caso de obter a actividade da que se trate e deberán formalizarse desde a Subárea de Convocatorias e Programas de Recursos Humanos.

Modificación do Regulamento de selección de persoal investigador e de apoio á investigación no marco de actividades e programas de I+D+I.

Artigo modificado: Artigo 21 apartado 2 nova redacción por artigo único apartado catro.

Artigo 22. Prazos do procedemento extraordinario de preselección.

Os prazos serán idénticos aos do procedemento ordinario de contratación pública agás no suposto de convocatorias con difusión internacional nas que se poderá establecer prazos adaptados ás súas características, previa autorización da vicerreitoría con competencias en investigación.

Artigo 23. Proposta de contratación nos procedementos extraordinarios de preselección.

1. Unha vez que se dispoña do financiamento da actividade, realizarase o chamamento pola orde de prelación establecida pola comisión, previa comunicación á Subárea de Convocatorias e Programas de Recursos Humanos da correspondente retención de crédito. Cando se formalice o contrato co/coa aspirante seleccionado/a, o resto de persoas candidatas non poderán alegar ningún dereito sobre prazos vacantes ou que queden vacantes no futuro quedando limitado o seu dereito exclusivamente a poder ser contratado se a persoa candidata proposta non chegara a formalizar o contrato.

2. A proposta de selección será elevada á Reitoría e publicarase no Taboleiro Electrónico da Universidade no prazo máximo de 5 días hábiles desde a proposta de contratación.

3. A resolución reitoral de selección publicarase no Taboleiro Electrónico da Universidade no prazo máximo de 3 días hábiles desde a publicación da proposta de selección e indicará o prazo para que a persoa seleccionada formalice o contrato.

Modificación do Regulamento de selección de persoal investigador e de apoio á investigación no marco de actividades e programas de I+D+I.

Artigo modificado: Artigo 23 apartado 1 nova redacción por artigo único apartado cinco.



Disposición derogatoria única. Derogación normativa

1. Quedan derogadas expresamente as seguintes disposicións:

- a) Normativa para a contratación de persoal con recursos captados por I+D aprobada polo Consello de Goberno o 20 de xuño de 2005.
- b) Resolución reitoral do 23 de febreiro de 2012 relativa á contratación de persoal con títulos expedidos en países non pertencentes á Unión Europea.

2. Así mesmo, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto no presente regulamento.

Disposición derradeira única. Entrada en vigor

A presente norma entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Taboleiro Electrónico da Universidade de Santiago de Compostela agás a previsión do artigo 9.1.i) que entrará en vigor coa aprobación e publicación dunha instrución onde se establezan as taxas por cada categoría laboral, as exencións posibles e as formas de acreditación das causas de exención.

